



## CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

### NOTIFICACIÓN DE LICITACION: SUBMINISTRACIÓN DUN AUTOMÓBIL CON GUINDASTRE PARA BRIGADA MUNICIPAL DE OBRAS DO CONCELLO DE OUTES

Comunícolle que a Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión do 22.08.2016, adxudicou o contrato para a subministración dun automóbil con guindastre para a brigada municipal de obras do Concello de Outes por medio da seguinte resolución:

#### “7.- ADXUDICACIÓN SUBMINISTRO VEHICULO GUINDASTRE

##### ANTECEDENTES

1. A Xunta de Goberno Local, na sesión do 25 de xaneiro do 2016, decidiu iniciar o procedemento de licitación de subministración dun automóbil con guindastre para a brigada municipal de obras, por procedemento negociado sen publicidade e aprobou os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares.

2. Publicouse a licitación no perfil do contratante da Corporación e remitíronselles invitacións por correo electrónico ás empresas “Veicar, SA”, “Soos Global Machine, SL” e “Talleres Arteixo, SL”. Presentaron as correspondentes proposicións dentro do prazo regulamentario as empresas “Sos Global Machine, SL” e “Talleres Arteixo, SL”, que se declararon admitidas á vista da documentación presentada no sobre A.

3. Procedeuse a apertura dos sobre B que contiñan a documentación técnica e advertiuse que a proposta da mercantil “Talleres Arteixo SL” non cumpría coas características técnicas do prego, polo que se procedeu a declarar a súa exclusión da licitación.

Polo que se continuou coa apertura do sobre C da única proposición válida, a mercantil “Soos Global Machine, SL”, que achega unha proposición económica de 63.888 €, IVE incluído.

5. Polo anterior, a mesa de contratación acordou requirir a “Soos Global Machine, SL”, por ser a empresa que ofreceu a proposición máis vantaxosa, que no prazo máximo de dez días soltos presente a documentación que xustifique que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir á execución do servizo e que constituía a garantía definitiva por importe de 2.640,00 € en calquera das formas admitidas polo artigo 96 da LCSP.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, trala correspondente deliberación e por unanimidade, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar o gasto derivado da subministración dun automóbil con guindastre para a brigada municipal de obras execución da por importe de 63.888 €, IVE incluído, que se financia por conta da partida orzamentaria 171 609 00.

Segundo.- Adxudicarlle á sociedade mercantil “ Soos Global Machine, SL”, titular do CIF nº B 70 315 411 e con domicilio social na parroquia de Güisamo, Parcela A2-A4, nave 26, PI de Bergondo, o antedito contrato de subministración dun automóbil con guindastre



## **CONCELLO DE OUTES (A Coruña)**

---

para a brigada municipal de obras, no prezo de sesenta e tres mil oitocentos oitenta e ouro euro (63.888 €), IVE incluído.”

Esta resolución é definitiva en vía administrativa. Contra ela pódese interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a propia Xunta de Goberno no prazo de un mes; ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado correspondente da Coruña no prazo de dous meses. Todo iso sen prexuízo de calquera outra reclamación que xulguen oportuna.

Outes, 19 de setembro do 2016  
O secretario da Corporación,

Andrés Busto Allo